

# Celga



# 4

## PROBA B (ORAL)

### Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-04

**PARTE 1 (Texto oral)**

A continuación, vai vostede ver dúas veces seguidas unha reportaxe sobre a publicidade. Tome as notas que precise.

**PARTE 2**

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Como se chama?</li> <li>▪ A que se dedica?</li> <li>▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/aldea/vila...</li> <li>▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda?</li> <li>▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?</li> <li>(Se procede)</li> <li>▪ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido da reportaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sobre que trata o libro?</li> <li>▪ Segundo as reportaxes, que aspectos destacan da publicidade na actualidade?</li> <li>▪ En que consistiu a campaña solidaria para o Banco de Alimentos?</li> </ul>	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <p><b>A.</b> “As mesmas técnicas de publicidade que promoven produtos comerciais e servizos pódense utilizar para informar, educar e motivar o público sobre cuestións serias de interese social”.</p> <p><b>B.</b> “As mensaxes publicitarias actuais presentan estereotipos e fomentan actitudes violentas e de sexismo, racismo e discriminación”.</p> <p><b>C.</b> “A publicidade é arte cando pretende impresionar, pero non se pode esquecer que o que realmente pretende é vender”.</p>	

**4. INTERACCIÓN**

**4 minutos aprox.**

**OPCIÓN A**

*“As mesmas técnicas de publicidade que promoven produtos comerciais e servizos pódense utilizar para informar, educar e motivar o público sobre cuestións serias de interese social”.*

- Que relevancia ten hoxe en día a publicidade na vida cotiá?
- Cal considera que é o papel da publicidade na formación e na educación dos rapaces?
- Cales cre que poden ser as consecuencias máis graves para os nenos de tomar como referencia a publicidade?
- Pensa que é necesario un regulamento sobre o tema?
- *(Se procede)* Que semellanzas e/ou diferenzas atopa sobre este tema entre Galicia e o seu lugar de orixe?

**OPCIÓN B**

*“As mensaxes publicitarias actuais presentan estereotipos e fomentan actitudes violentas e de sexismo, racismo e discriminación”.*

- Como valora vostede os estereotipos que aparecen na publicidade?
- Coñece algunha campaña de publicidade educativa con función social? Que opinión lle merece?
- Considera que as campañas contra o consumo de tabaco, bebidas alcohólicas, medidas de seguridade viaria, conservación da natureza etc. son eficaces?
- Vostede cre que hai anuncios negativos ou prexudiciais? Cales? Para quen?
- *(Se procede)* Que semellanzas e/ou diferenzas atopa sobre este tema entre Galicia e o seu lugar de orixe?

**OPCIÓN C**

*“A publicidade é arte cando pretende impresionar, pero non se pode esquecer que o que realmente pretende é vender”.*

- De que xeito cre que se relacionan a publicidade e as expresións artísticas?
- Que papel ten a creatividade nesa relación?
- Coñece exemplos de publicidade con claros valores artísticos? E o contrario?
- Como se xustifica a publicidade como expresión artística?
- Recorda algún exemplo de publicidade especialmente “artístico”? Cal?
- *(Se procede)* Que semellanzas e/ou diferenzas atopa sobre este tema entre Galicia e o seu lugar de orixe?